



Convenio de colaboración entre o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise de Leite (LIGAL) e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), para o desenvolvemento do proxecto “Leite de pastoreo en Galicia: Tecnoloxías para a mellora do perfil en compostos bioactivos”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise de Leite (LIGAL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende a súa sinatura até o 31 de outubro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Desenvolver o proxecto “LEITE DE PASTOREO EN GALICIA: TECNOLOXÍAS PARA A MELLORA DO PERFIL EN COMPOSTOS BIOACTIVOS” para o que se require a colaboración externa de investigación do AGACAL, actuando a través do CIAM.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Ao LIGAL foille adxudicada, por parte da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, unha axuda para a realización do proxecto FEADER 2019/015A con título “LEITE DE PASTOREO EN GALICIA: TECNOLOXÍAS PARA A MELLORA DO PERFIL EN COMPOSTOS BIOACTIVOS”, segundo consta na resolución do Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria de 5 de novembro de 2019, sobre solicitude de axuda con número de expediente: FEADER 2019/015A.

Na solicitude de proxecto aprobada figura o AGACAL, actuando a través do CIAM, como axente cooperante para a consecución dos obxectivos do proxecto.

O LIGAL encargárase do desenvolvemento e aplicación práctica do proxecto, que considera aspectos innovadores, de investigación científica e de desenvolvemento de tecnoloxías de aplicación ao medio rural.

O AGACAL ten capacidade suficiente como entidade colaboradora do proxecto de investigación obxecto deste convenio, en base á súa experiencia en materia de investigación e transferencia, así como ás instalacións e o persoal de que dispón.





O LIGAL e o AGACAL teñen, por tanto, interese común en desenvolver o proxecto de investigación a fin de conseguir os obxectivos que se mencionan na solicitude do proxecto aprobado e no Anexo I a este convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela,

